

Primaria

# Ciencias Sociais 3

Programación

## Unidade 7

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

Os traballos no campo e no mar.

### Descrición da unidade

Nesta unidade didáctica afondaremos nos traballos que se realizan no campo e no mar, relacionándoos coas principais actividades económicas do sector primario.

- O sector primario está formado polas actividades económicas referentes á transformación dos recursos naturais en produtos primarios non elaborados.
- Traballaremos as principais actividades económicas do sector primario, como a agricultura, a gandería, a pesca, a minería e a silvicultura, mostrando as súas principais características e peculiaridades, así como as diferentes actividades que o configuran e valorando os labores das persoas que traballan nel.
- Traballaremos tamén todas as actividades que as persoas realizan para obter recursos da natureza e de extracción directa, ao proporcionar alimentos e materias primas que forman a base dos outros sectores económicos.

### Temporalización:

Abril

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- . Definir a función da agricultura e coñecer os seus tipos e os labores que os agricultores realizan.
- Definir a función da gandería, coñecer a variedade de animais domésticos e os labores que os gandeiros realizan.
- Definir a función da pesca e coñecer os seus tipos e os labores que os pescadores realizan.
- Definir a función da minería e coñecer os seus tipos e os labores que os mineiros realizan.
- Coñecer outros tipos de profesións relacionadas co sector primario.
- Poñer en valor a importancia de todos os traballos e das persoas que realizan as diversas tarefas do sector primario.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• O traballo no campo e no mar: o traballo no campo, a agricultura, os labores dos agricultores e as ferramentas do traballo agrícola.</li> <li>• O traballo con animais, a gandería e os labores dos gandeiros.</li> <li>• O traballo no mar, a pesca e os labores dos pescadores.</li> <li>• O traballo no interior da Terra, a minería e os labores dos mineiros.</li> <li>• Iniciación ao coñecemento científico e a súa aplicación ás Ciencias Sociais.</li> </ul>	1. Definir e identificar a función da agricultura, os seus tipos e algúns produtos agrícolas.	1.1. Define e identifica a función da agricultura, os seus tipos e algúns produtos agrícolas.
	2. Describir as tarefas agrícolas que os agricultores deben realizar ata a obtención da colleita e as ferramentas que deben utilizar.	2.1. Describe as tarefas agrícolas que os agricultores deben realizar. 2.2. Describe as ferramentas que os agricultores deben utilizar.
	3. Definir e identificar a función da gandería e os tipos de gando.	3.1. Define e identifica a función da gandería, os seus tipos e algúns tipos de gando.
	4. Describir os labores que os gandeiros deben realizar no coidado e aproveitamento do gando.	4.1. Describe os labores que os gandeiros deben realizar no coidado e aproveitamento do gando.
	5. Definir e identificar a pesca, os tipos de pesca e algúns produtos pesqueiros.	5.1. Define e identifica a pesca, os tipos de pesca e algúns produtos pesqueiros.
	6. Describir os labores que os pescadores deben levar a cabo no seu traballo.	6.1. Describe os labores que os pescadores deben levar a cabo no seu traballo.
	7. Definir e identificar a minería, os tipos de minas, os tipos de produtos mineiros e describir os labores dos mineiros.	7.1. Define e identifica a minería, os tipos de minas e de produtos mineiros. 7.2. Describe os labores dos mineiros.
	8. Investigar sobre os traballos e as súas profesións relacionadas que se realizan no campo e no mar, e elaborar fichas con eles.	8.1. Investiga sobre os traballos que se realizan no campo e no mar, así como as súas profesións relacionadas, e elabora fichas cos datos.

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Caderno de traballo (CT)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Define e identifica a función da agricultura, os seus tipos e algúns produtos agrícolas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> </ul>
2.1. Describe as tarefas agrícolas que os agricultores deben realizar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> <li>• Fichas de ampliación e de reforzo dos RF.</li> </ul>
2.2. Describe as ferramentas que os agricultores deben utilizar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ficha de reforzo dos RF.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> <li>• Ficha de ampliación dos RF.</li> </ul>
3.1. Define e identifica a función da gandería, os seus tipos e algúns tipos de gando.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ficha de reforzo dos RF.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
4.1. Describe os labores que os gandeiros deben realizar no coidado e aproveitamento do gando.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas no CT.</li> <li>• Ficha de ampliación dos RF.</li> </ul>
5.1. Define e identifica a pesca, os tipos de pesca e algúns produtos pesqueiros.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> <li>• Fichas de ampliación e de reforzo dos RF.</li> </ul>
6.1. Describe os labores que os pescadores deben levar a cabo no seu traballo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Proxecto proposto na PD.</li> </ul>
7.1. Define e identifica a minería, os tipos de minas e de produtos mineiros.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> <li>• Ficha de ampliación dos RF.</li> </ul>
7.2. Describe os labores dos mineiros.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tarefas do LA.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> </ul>
8.1. Investiga sobre os traballos que se realizan no campo e no mar, así como as súas profesións relacionadas, e elabora fichas cos datos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tarefas do LA.</li> <li>• Ficha de ampliación dos RF.</li> </ul>

## 5. COMPETENCIAS: DESCRIPTORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Utiliza con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos e desenvolver actividades coa terminoloxía relacionada coa agricultura, gandería, pesca e minería.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.	Resolve problemas matemáticos aplicados á vida cotiá relacionados co sector primario.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Usa e manexa táboas, gráficos e imaxes para a recollida de información relacionada coas actividades económicas e produtivas vinculadas coa agricultura, a gandería, etc.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.	Usa tempos e actividades para reflexionar e dialogar en parella, pequeno e gran grupo.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Representa ideas e conceptos graficamente para mellorar a aprendizaxe dos contidos da unidade.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Analiza situacións que poñen en perigo a integridade física en actividades laborais e o uso de ferramentas.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Participa en diálogos e debates sobre a necesidade de respectar as normas de convivencia.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.	Participa activamente nas actividades de clase en xeral e no desenvolvemento de técnicas cooperativas.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Usa técnicas e materiais diferentes e creativos para a execución de traballos.

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

### Tarefa 1: Os meus pais son xornaleiros

- Identificamos ideas previas no LA e suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos a lectura inicial no LA e a interpretación de imaxes coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades propostas despois da lectura no LA.
- Completamos con actividades da PD.

### Tarefa 2: O traballo no campo

- Introducimos o concepto de agricultura, produtos agrícolas e técnicas de cultivo coas suxestións metodolóxicas da PD e a través do LA.
- Coñecemos os labores dos agricultores no LA, suxestións metodolóxicas e traballo cooperativo da PD.
- Identificamos as ferramentas utilizadas no traballo agrícola no LA, suxestións metodolóxicas da PD e actividades interactivas do LD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e as fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 3: O traballo cos animais

- Introducimos o concepto de gandería así como os tipos de gando coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Coñecemos os labores dos gandeiros no LA, suxestións metodolóxicas e traballo cooperativo da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e a ficha de reforzo dos RF.

### Tarefa 4: O traballo no mar

- Introducimos o concepto de pesca así como os distintos tipos de pesca coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Traballamos de forma cooperativa como propón a PD.
- Coñecemos os labores dos pescadores no LA, suxestións metodolóxicas e traballo cooperativo da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e as fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 5: O traballo no interior da Terra

- Introducimos os termos segundo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Introducimos o concepto de minería así como os tipos de minas e os materiais que se obteñen delas coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Coñecemos os labores dos mineiros no LA, suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos outras actividades traballando en cooperativo como propón a PD.

- Completamos con actividades interactivas do LD e as fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

#### **Tarefa 6:** Pequenos investigadores

- Introducimos os termos segundo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Investigamos para coñecer outras profesións menos coñecidas a través do LA.
- Realizamos as actividades do A traballando en cooperativo como propón a PD.

#### **Tarefa 7:** Tarefas / Competencias

- Coñecemos o coidado dos bosques e o coidado do mar a través do LA.
- Realizamos as actividades que propoñen as tarefas competenciais do LA como sinala a PD.
- Completamos con actividades interactivas do LD e as fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

#### **Tarefa 8:** Que aprendemos?

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.
- Completamos con actividades interactivas do LD e as fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

## **7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS**

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo, como a formulación de debates, lecturas compartidas, xogos por equipos, actividades en parella, pequeno e gran grupo, etc.
- Realización das tarefas «O coidado dos bosques» e «O coidado do mar», que fomentan no noso alumnado a necesidade de respectar e de coidar os bosques e o mar.
- Traballo sobre a importancia da seguridade no traballo para que os alumnos tomen conciencia da necesidade de traballar con boas condicións de seguridade.
- Activación da curiosidade científica investigando tipos de produtos agrícolas e as características dos produtos que encontramos no campo para elaborar.
- Activación da curiosidade científica investigando as tarefas dos traballadores do campo e de mar coñecendo as súas diferentes profesións para elaborar unha ficha de profesións.
- Posta en común en gran grupo despois do traballo individual ou grupal.
- Organización dunha visita a un parque natural.
- Exposición do profesor.

## **8. RECURSOS**

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias Sociais:

- Recursos fotocopiabiles da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.

- Caderno complementario ao libro do alumno, o caderno de traballo.
- Material complementario do mural o mapa político de España e o mapa político de Galicia.
- Guías de clasificación, manuais, enciclopedias e medios informáticos de consulta.
- Ademais, propónse a utilización do seguinte material manipulativo para axudar á adquisición dos contidos: material funxible, como cartolina, pinturas e lapis de cores ou ceras...

### **Recursos dixitais**

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Na proposta didáctica recóllense algúns enlaces web puntuais para algúns epígrafes.
- Materiais dixitais da páxina web da editorial con diferentes recursos e actividades.

## **9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos recursos fotocopiáveis).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

## **10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## **11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO**

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?